



DECRETO

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto nos artigos 20.1 do Regulamento Orgánico Municipal e 78.1 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o próximo día **28 de novembro de 2013 ás 20:00 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debater os asuntos relacionados no seguinte:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

1º.- Aprobación, se procede, da forma de xestión do Servizo de Axuda no Fogar e aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, expediente CT-2013/03.

2º.- Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Silleda

3º.- Adhesión, se procede, ao Convenio Marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para prestación, por parte da Deputación, e con carácter intermunicipal do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables así como a xestión de puntos limpos nos ditos concellos.

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

4º.- MOCIÓNS

4.1.- Moción do BNG para eliminar o copagamento de medicamentos a persoas doentes crónicas non hospitalizadas na sanidade pública.

4.2.- Moción do BNG para esixir a Xunta de Galiza unha partida económica nos orzamentos de 2014 para atender o Servizo de Axuda no Fogar (saf) en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

4.3.- Moción do BNG para demandar a aplicación de novos criterios no financiamento da administración local galega.

4.4.- Moción do BNG para incrementar o fondo de cooperación local dos concellos.

4.5.- Moción do PSdeG-PSOE para instar a Xunta de Galicia a desistir da pretensión da suba do canon polo tratamento do lixo na planta da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA).

4.6.- Moción do BNG sobre contra a suba do canon de SOGAMA.

4.7.- Moción do BNG, diante do 25 de novembro de 2013, día da non violencia contra as mulleres, e contra os recortes na protección das vítimas de violencia de xénero.

4.8.- Moción do BNG para paralizar a venda de Novagalicia Banco.

4.9.- Moción do BNG de apoio a querela arxentina contra os crímenes do franquismo.

4.10.- Moción do BNG contra a impunidade da marea negra do "Prestige" e a prol da transferencia de competencias marítimas á Xunta de Galiza.

5º.- Dar conta das resolucións da Alcaldía dos meses de setembro e outubro de 2013.

6º.- Rogos e Preguntas.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, con acompañamento do borrador da acta da sesión anterior, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e comunicándose aos medios de comunicación.

En Silleda a 25 de novembro de 2013

O ALCALDE

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Ante min

O Secretario Xeral

Asdo. Francisco J. Oubiña Lodeiro